

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **3 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

4.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA REFORMA NA CUBERTA NO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13429/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación celebrada o 3 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

3.- Propostas de clasificación.

- a)** *Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis. (expediente 13429-333).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-11-2014, 02-12-2014 e 03-12-2014 dos informes do xefe de Área de Fomento e o director deportivo do IMD 01-12—2014 e o informe director deportivo do IMD de 03-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis. (expediente 13429-333), no seguinte orde decrecente:

1.- Construcciones y Promociones Abilleira, S.L. 96,50 puntos.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones y Promociones Abilleira, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 672,66 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a tres de decembro do ano dous mil catorce.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.